

ARTE



Cadro de Víctor López Rúa titulado 'Pola parte de arriba II (O curioso)', exposto na Casa da Parra, de Santiago

Víctor López Rúa, unha pintura sobre pulidos e vernizados pisos

Des que participaron do xogo artístico, as instalacións, o traballo de fotógrafos e os videoartistas, entre outros, todo presaxiaba un declive do medio pictórico. Sorprende que un artista novo como Víctor López-Rúa (A Coruña, 1971) non compita coas novas tecnoloxías e insista no atractivo de superpoñer capas de pintura sobre unha superficie plana para crear, da forma tradicional, a pintura con maiúsculas.

Toda a produción realizada ata o momento (o coruñés dedicalle longuísimas sesións a cada lenzo) preséntase no acreditado espazo comostelán da Casa da Parra. O seu estilo acóllese na corrente realista, con longa tradición na nosa cultura occidental.

O realismo, nos seus variados usos, tocou a tosquidade, fixo do real algo vivo e sentido. Falouse de realismos narrativos, socialistas ou vinculados ó surrealismo. O artista profundou nun movemento artístico que ve como próximo, que estivo aí e que por iso mesmo o revive no seu renovado interese pola mímesis a imitación pictórica do visible.

Se os comezos do realismo se asocian ó proletariado, o de Víctor López Rúa é un realismo culto. A súa obra está baseada en espazos domésticos asociados a un ambiente burgués.

A súa antiga casa familiar é a base dos escenarios que o espectador contempla na exposición. As distintas estancias do fogar patriarcal-maternal plásmanse nuns óleos que tratan de redescubrilo recordo e es-

plendor das xeracións pasadas a través de obxectos cotiáns cargados de identidade e de sentimento de enraizamento.

Hai unha serie de elementos que se reiteran con insistencia. Son obxectos que pertencen á memoria do artista e suxiren o sentido de vanitas, a conciencia do tempo que avanza e amosa o efémero da vida. Xoguetes da infancia, veladores, espellos como máscaras da realidade, como imaxe ilusoria da materia. Balconadas e nobres escaleiras, finas porcelanas e cristaleras, cadeiras de bimbo ou repuxados coiros xa vistos na vella arte, pero que aquí están dotados de forte implicación persoal.

O artista somérxese naquel mundo a través da soidade das súas antigüidades nun espazo que se presenta como rexión de exploración e curiosidade. Espazo que é clave no seu traballo.

Afeccionado a introducir uns espazos noutros para agrandalos, válese de recursos tan coñecidos e usados na pintura barroca como a introdución de cadros ou espellos que rompen a monotonía dos muros e dan unha representación máis totalizadora do espazo figurativo. Ademais, en homenaxe a Hodler, usa o recurso de planos estruturando os lenzos en ortogonais e diagonalmente. Algúns elementos, como as escaleiras, permítenlle fixar acusadas perspectivas.

A tensión e o sentimento de estrañeza que emanaban os espazos metafísicos tamén nutren o quefacer artístico deste mozo pintor galego.

Nestes cadros vívese unha tensión destacada por elementos como o espello, que en lugar de reflectir parte do cuarto, en numerosas ocasións oculta a imaxe de modo que provoca maior incerteza. Os obxectos preséntanse como conxelados no tempo, crean desacougo no seu illamento.

A luz é fundamental neste traballo. Pode entrar exultantemente nas estancias invadindo a intimidade ou pode chegar cribada. Xoga cos contrastes de luces naturais e artificiais buscando os peculiares efectos das dúas clases de luz e somerxendo as escenas en suxestivos xogos teatrais. O intercambio de luces e brillos son pura mística nesta pintura.

Xa sexa por encargo ou ben por pracer, en ocasións introduce o elemento humano. Só ou en grupo. Cando aparece en parella, curiosamente segue no seu illamento solitario sen prestarlle atención á outra parte, co cal acentúa a idea de soidade.

A súa dona encarna frecuentemente os personaxes femininos en situacións non imaxinadas senón abertas ó libre pensamento dun suposto telespectador dunha especie de película de suspense.

No traballo de Víctor López Rúa todo contribúe á misteriosa recuperación da vida por medio da súa representación.

Probablemente, o tempo levará ó artista por outros vieiros, de momento demostrou boa técnica e traballo concienzudo.

Fátima Otero

CINE

Nasa que atrapa a dor

Ó tempo que na televisión se estrea a segunda obra de Benito Zambrano (tan lembrado pola cullerada de tenrura de 'Solás') sobre o caso real do pai que investiga pola súa conta o asasinato do seu fillo, na que destaca sobre todo a interpretación de Vicente Romero no papel de 'El Maquea' e a de Juan Diego no do pai valente e atormentado, de Estados Unidos cheganos 'No cuarto', unha peza de similar fundamento argumental, tamén de gran altor interpretativo, pero con distinto talante e resultados.

Se na obra de Zambrano o que sobresaé é o pus da dor, a expresividade da desgracia e da marxinación, na obra de Todd Field prevalece a contención, a súa discreción; se en 'Padre coraje' a dor vai na busca da súa explicación ó estero da droga, da prostitución e do desarraigo máis pornográfico, na película baseada no relato de Dubus a dor máis íntima e escura anina nun amable pobo de Maine, coa baía serena, a fábrica producindo, as perspectivas de futuro sen nubes por diante.

A familia de Matt Fowler, doutor el, profesora a nai, ten un fillo en torno ós vinte anos, pescador afeccionado de lagosta antes de se decidir pola universidade na que previsiblemente realizará unha brillante carreira. O doutor Matt e a súa dona Ruth viven rutinariamente neste lugar de tan belas vistas coma aceptable nivel de vida. Os problemas son os mínimos: Frank, o fillo indeciso diante da universidade a elixir, anda namorado dunha muller agradable e bonita pero cun inconveniente: é máis vella ca el, estase divorciando e xa ten dous fillos, e algo que podería quedar nunha simple relación complexa remata sendo unha auténtica traxedia debido ó carácter e frustración do ex marido desta muller atractiva e decidida que trata de reface-la súa vida con Frank, este mozo agradable, fillo da parella Fowler, habitante dun precioso lugar de Maine.

Con trazo firme pero tranquilo, Todd Field vai nos enchendo os ollos coa vida da familia e do pobo, das dúbidas e dos temores internos, nun exercicio visual de exquisita composición. Sen alardes no ritmo formal da presentación da historia nin furgando nas feridas máis doadas para provoca-la sentimentalidade, o filme vaise estendendo sobre unha vida de silencios, incompreensión, odio e sufrimento que só se plasma na delicadeza dos planos, nas insinuacións dos xestos mínimos, na discreción dunha boca que fuma coma quen asasina o desacougo, nos ollos de quen asume estar disposto ó extravío.

Cabe destacar a interpretación de tódolos actores, especialmente de Sissey Spacek no papel da nai, con ese seu rostro doce e duro; o de Tom Wilkinson, magnífico doutor e pai e o de Mari-sa Tomei, mel concentrado na insinuación finísima do seu atractivo erótico en dúas escenas.

Tal vez unha falla, a conclusión: a saída da dor atrapada na nasa da contención conduce dun xeito escasamente xustificable a unha resolución demasiado fácil. Aínda así, 'No cuarto' é un achegamento desde a orella da discreción e da finura formal á insupportable dor que supón perder a un fillo pola loucura de algún que violentamente lla rouba.

Miguel Suárez Abel